

BORRADOR DECRETO ORDENACIÓN FP SISTEMA EDUCATIVO

- Criticamos o escaso tempo con que se entregou o Decreto ás organizacións sindicais (cinco días), o que demostra a pouca vontade negociadora, impedindo que todos os sectores aos que implica o decreto puidesen aportar as súas suxestións ou alegacións para melloralo.
- O Decreto contempla a organización das ensinanzas e o acceso á FP do sistema educativo. É unha irresponsabilidade ordenar a FP nun momento no que existe un borrador de lei (Lei de Economía Sostible) que introduce cambios na organización ,estructura e acceso aos graos da FP. Moitos dos aspectos regulamentados neste borrador de Decreto van cambiar de forma case inmediata. Será este un Decreto que xa nace case morto.
- Falta a referencia ás ensinanzas que hai que dar en galego de acordo coa actual normativa que non está derogada. Non é de recibo non facer referencia a ela por ter a intención de aprobar outra nova.
- Asignado o Módulo de proxecto con carga horaria a un profesor ao longo do 2º curso, como actualmente se fai co módulo de *Proxecto Integrado* nos ciclos formativos de grao superior.
- Solicitamos que a Consellería de Educación promova a creación de estruturas que faciliten a realización das prácticas en empresa, tendo en conta que do bo funcionamento desde módulo depende en boa parte o éxito da nova Formación Profesional.
- A incorporación das linguas estranxeiras a determinados módulos debe ser voluntario para o profesorado e alumnado.
- Imprescindible que a Consellería aporte todos os medios e equipos necesarios para a incorporación das TIC, para o que é imprescindible inversión económica maior.
- Apoiamos que haxa unha aposta importante por unha flexibilización das ensinanzas facendo fincapé na modalidade semipresencial e a distancia e facilitando o acceso a este tipo de ensinanzas. Pero queda por desenvolver o establecido no Decreto e esperamos que non sexan só boas intencións senón que teña unha plasmación na oferta pública de prazas, posto que esta posibilidade xa existía anteriormente e non se desenvolveu.

▪ Sobre os **requisitos dos centros onde se impartan as ensinanzas de formación profesional:**

⇒ Dende CCOO seguimos a criticar tanto os reais decretos que determinan os currículos dos ciclos formativos por non especificar nin os m² dos espazos formativos, nin os equipamentos que debe de levar cada espazo formativo, así como os decretos publicados en Galicia, nos que os equipamentos aparecen dunha forma conxunta, sen separación de espazos. Polo tanto, como neste borrador de decreto se fai referencia á normativa publicada anteriormente, coa que non estamos de acordo, só nos queda rexeitar toda a normativa emanada dela.

⇒ Pedimos redución de rateos; que sexan as mesmas que as que prantexa o PP de Estremadura e de Andalucía para acadar un pacto educativo: 25 alumnos. Pero ademais queremos que se contemple a redución de rateos en determinados ciclos por razón de perigosidade, atención individualizado do alumnado ou motivos pedagóxicos e organizativos. Nos casos de módulos con risco por danos á saúde deberá haber desdobres sempre que o número de alumnos supere os quince".

⇒ Na táboa de espazos e superficies mínimas deberían figurar, a lo menos: os despachos de xefatura de estudos, vicedirección e coordinador das prácticas de formación en centro de traballo, así como o un espazo para o departamento de cada Familia Profesional.

▪ A experiencia laboral para a exención de parte da proba de acceso aos ciclos, debe homologarse polo procedemento da acreditación da experiencia laboral.

▪ É imprescindible regular a porcentaxe do curso de preparación da proba na puntuación final da proba de acceso. Pero debe haber un control do mesmo, para o que deben impartirse en centros públicos.

▪ Os servizos de información e orientación profesional nos centros educativos deben reforzarse co incremento de orientadores nos departamentos de orientación dos centros que imparten estas ensinanzas.

▪ Creación de Departamentos co obxectivo de relacionarse cos empresas.

▪ Debe especificarse que a impartición de módulos nas instalacións das empresas deben ser impartidos por profesorado coa titulación especificada no correspondente currículo.

Santiago, 22 de febreiro de 2010.

A CORUÑA C. P. 15008
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º andar
Telf. 981 145 895 / Fax 981 145 899
scensino.coru@galicia.ccoo.es

SANTIAGO C. P. 15703
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 8, 1.º andar
Telf. 981 551 836 / Fax 981 551 821
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

FERROL C. P. 15402
Rúa María 42-44
Telf. 981 369 336 / Fax 981 350 353
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

LUGO C. P. 27002
Rolda da Muralla 58, 5.º andar
Telf. 982 221 060 / Fax 982 245 907
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

VIVEIRO C. P. 27850
Rúa García Doriga s/n
Telf. 982 561 001 / Fax 982 561 025
ucamari@galicia.ccoo.es

OURENSE C. P. 32003
Parque San Lázaro 12, 3.º andar
Telf. 988 392 256 / Fax 988 251 400
scensino.oure@galicia.ccoo.es

O BARCO C. P. 32300
Praza de España, 2 baixo esq.
Telf. 988 322 034 / Fax 988 325 159
ensino.valde@galicia.ccoo.es

PONTEVEDRA C. P. 36002
Rúa Pasantería 1, 2.º andar
Telf. 986 866 276 / Fax 986 869 784
scensino.pont@galicia.ccoo.es

VIGO C. P. 36212
Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
Telf. 986 246 847 / Fax 986 246 848
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

VERÍN C. P. 32600
Avda. Portugal 3-5
Telf. 988 410 641 / Fax 988 410 641
lsverin@galicia.ccoo.es

